



ENTIDADE LOCAL MENOR
De ARCOS da CONDESA

ENTIDADE LOCAL MENOR DE ARCOS DA CONDESA
San Martiño – 36655 Arcos da Condesa
(Caldas de Reis) Pontevedra
C.I.F. P-3600010-G

Estimado/a veciño/a,

Transcorridos cinco meses dende as eleccións de maio e catro meses dende a toma de posesión dos cargos do novo equipo de goberno, poñémonos en contacto convosco para informaros do traballo feito durante este tempo.

- En primeiro lugar, **queremos dar as grazas a todos/as os/as veciños/as polo apoio nas eleccións** e esperamos estar á altura das vosas expectativas e poder así correspondervos pola axuda dada. Agradecervos tamén a vosa paciencia e comprensión nestes meses, pois somos un equipo novo e a adaptación a un cargo tan importante non é doada, alén, atopamos a ELM nunha situación pésima, o que acarrea un gran traballo por facer.

- **O novo grupo de goberno**, está constituído por:
 - **Don JOSÉ FRANCISCO ALONSO GÓMEZ: como Alcalde-Pedáneo.**
 - **Dona ALICIA IGLESIAS FEIJOO: como vogal.**
 - **Don JOAQUIN ANTONIO RIVAS RÍOS: como vogal.**
 - **Dona LUÍSA MARÍA TORRES RIVAS: como secretaria-interventora.**
 - **Dona VIVIANA VAAMONDE BALSEIRO: como tesoureira.**

Un equipo novo que afronta esta etapa con moita ilusión e gañas de traballar, co único obxectivo de acadar unha maior calidade de vida para os/as nosos/as veciños/as e facer de Arcos da Condesa un lugar cada vez mellor.

- Nos enche de gran lelicia comunicarvos que, grazas ás xestións levadas a cabo por este novo equipo de goberno nos escasos meses que levamos gobernando, conseguimos reunirmos coa Vicepresidencia da Xunta de Galicia e ca Dirección Xeral de Administracións Locais, **OBTENDO UNHA SUBVENCIÓN DE 30.000,00 EUROS** do Fondo de Compensación Ambiental para actuacións de mellora de eficiencia enerxética, **permitíndonos renovar o edificio da ELM**, o cal utilizan numerosas asociacións e moitos veciños e veciñas todos os días, e que se atopaba nunha situación de abandono total.



Sabemos das moitas necesidades da Parroquia, pero queremos dicir que esta liña de subvención da Xunta de Galicia é só para este tipo de obras; polo que, estamos moi satisfeitos/as de poder lograr esta subvención que permitirá, tras máis de 15 anos, poder manter o edificio nas mellores condicións coa reforma e limpeza do tellado, o cal se atopaba cheo de herba e nunha situación lamentable; arranxar o reloxos e megafonía que tantos anos leva parado; o cambio de luminarias a LED, para poder conseguir un gran aforro enerxético; o pintado de algúns locais; a climatización e o lavado da pedra exterior.

Estamos moi ledos por haber obtido esta axuda (que estivemos a punto de perder por non ter as contas ó día) e con elo rematamos coa mentira de que a ELM non podía optar a subvencións. Isto fainos ser positivos de cara ao futuro á hora de poder solicitar máis axudas que permitan uns maiores recursos para Arcos.

- Nestes últimos meses estivemos traballando arreo para poder poñer as cousas a funcionar. Atopámonos cunha **Entidade bastante abandonada a nivel das contas públicas**, pois tivemos que contabilizar o primeiro semestre do ano en curso e render contas dos anos 2017 e 2018. Despois de moito traballo, conseguimos por as contas ao día en canto ao tema da súa rendición, pese a que estaban sen atender e pechar por parte do equipo de goberno anterior dous requirimentos do Consello de Contas e un dos exercicios pasados con déficit. Por ende, nos esixen a presentación dun Plan de Equilibrio Financeiro que estaba sen entregar. Ben e certo que este é un traballo que non se ve, pero que é fundamental e que nos permite poder acceder a subvencións de outras administracións.
- Por outro lado, comunicarvos que a nivel administrativo e de transparencia, para cumprir a lei, estamos traballando na **implementación dunha sede electrónica e poñendo en marcha unha páxina web** que promocioe Arcos, as súas riquezas patrimoniais e as súas empresas. Isto axudará a que sexa máis transparente a xestión e que permita ós veciños/as relacionarse mediante medios telemáticos, algo obrigatorio que a nosa Entidade non cumpría.



ENTIDADE LOCAL MENOR
De ARCOS da CONDESA

- Todos estes traballos administrativos dannos pé a ter as cousas moito máis ordenadas e a poder axilizar o traballo de xestión diario así como, **a poder solicitar subvencións** e poder ter acceso a elas, que doutro xeito serían imposibles.
- **Na nosa defensa dun monte ben limpo e conservado**, principal patrimonio de Arcos, podemos dicir que nestes meses tivemos reunións coa Xefa do Servizo de Montes de Pontevedra para saber de primeira man os cartos do monte (40% das cortas) que teñen no fondo de Compensación Ambiental e que, aínda que os xestione a Xunta de Galicia, os cartos son nosos e nós como donos, tamén podemos facer propostas para poder reverter eses cartos no monte.

Nesta liña, temos unha comunicación directa co Servizo de Montes e coa axente forestal na busca dun aproveitamento forestal adecuado e sostible. A día de hoxe, a corta de madeira que se está a realizar é a dos lotes puxados polo anterior equipo de goberno.

No vindeiro ano, comezaranse a realizar no monte diversas obras de limpeza e arranxo de camiños, así coma obras de limpeza e poda dos diferentes rodais do monte de Utilidade Pública que nós xestionamos e que sacou a concurso a Xunta de Galicia.

- **Colaboramos coas diferentes Asociacións da parroquia**, concedéndolle subvencións para que sigan levando a cabo as súas actividades que tanto aportan a esta Entidade, como a Escola de Instrumentos Tradicionais, a Festa dos Maiores, o San Xoán, organizando cursos, Festas Patronais, etc. Temos a firme vontade de colaborar con elas apoiándoas en todo o que nos soliciten.
- **Na nosa firme convicción de manter a parroquia limpa**, este ano levamos a cabo as limpeza das fontes de Badoucos e Valsordo (tan demandadas polos veciños/as) e os camiños como o do Sixto, (que se atopaba nunha situación case impracticable) e o das Ordes. Neste punto queremos limpar todos os lugares, polo que, nos vindeiros meses seguiremos con diversos puntos da parroquia. Tamén temos que actuar nas cunetas e arcéns das pistas, que tras as últimas choivas sufriron correntamentos de terra. Queda moito traballo que facer sobre este tema en particular e os recursos son escasos, por elo estamos reclamando de outras administración a súa colaboración e esperamos ter boas novas en breve.



- No noso afán por que os/as nosos/as veciños/as teñan unha calidade de vida axeitada, hai un mes, o noso Presidente Fran, **reuniuse có Alcalde do Concello (onde van a parar os nosos impostos) para trasladarlle as necesidades máis urxentes** e que están sen atender dende fai moito tempo. Entre elas, solicitouse a execución do saneamento da zona sur da parroquia (O Ameal, Valsordo e Penalta), reuníndonos o día anterior co Alcalde de Portas para comprobar a posibilidade de conectar este saneamento coa depuradora de Briallos. Nesta reunión atopámonos só cunha comunicación do Concello de Caldas de Reis, con data anterior ás eleccións municipais. Estas xestións eran as únicas feitas sobre este tema tan importante. Alégranos enormemente que, pasado só un mes dende a nosa reunión co Alcalde, os veciños/as recibades estes días unha “carta” na que indica que existe un principio de acordo entre concellos, e que tras 9 anos parado, o saneamento da zona sur parece que se vaia facer realidade. Aínda que a día de hoxe está todo por facer: non existe proxecto técnico, nin convenio asinado con Portas, nin financiamento para a obra..., nunca é tarde se o dito é bo.

- Na mesma reunión tamén se trasladou a situación na que se atopa o saneamento realizado durante a campaña electoral no **Camiño de Santiago** (que a día de hoxe sabemos que se realizou sen permiso de Patrimonio nin proxecto técnico) pero, sobre todo do estado da calzada pois, unha vez rematada a obra, non se compactou ven o firme provocando que coas primeiras choivas o Camiño quedara impracticable. Por isto, solicitouse a renovación do firme, coa busca dunha alternativa que remate cos problemas que xera ano tras ano o simple compactado.

Neste punto estamos a traballar: tivemos reunións cós/as veciños/as para buscar unha solución, posto que eles a precisan e alén, o Camiño é un patrimonio básico.

Trasladamos tamén **a problemática do lugar de San Martiño**; preguntamos polo proxecto que se lles comunicou ós/ás veciños/ase sobre os prazos para levar a cabo a obra, na cal nos trasladou que o Concello só dispón do 50% do financiamento, quedando na nosa man a busca do outro 50%. Estamos traballando para poder darlle a estes/as veciños/as un acceso digno ás súas vivendas.

- Outra preocupación que temos dende este novo goberno é **o abastecemento de auga potable a todas as casas**. Para elo, estamos traballando en analizar as deficiencias



ENTIDADE LOCAL MENOR
De ARCOS da CONDESA

ENTIDADE LOCAL MENOR DE ARCOS DA CONDESA
San Martiño – 36655 Arcos da Condesa
(Caldas de Reis) Pontevedra
C.I.F. P-3600010-G

existentes pactando unha reunión coas directivas das diferentes Comunidades de Usuarios. Nesta liña, intentaremos dar cunha solución que permita emendar esta situación que para nós é un tema capital.

- Imos ter unha relación directa cos veciños e veciñas por iso, nas vindeiras semanas, enviaremos outra carta para convocarvos a unha reunión, a fin de coñecer de primeira man as necesidades, solicitudes ou queixas que nos queirades transmitir. De igual maneira, convidámosvos a que asistades ós Plenos, xa que desexamos ter unha Entidade aberta e transparente e que vos animedes a seguir as redes sociais e a nova páxina web.

❖ Estamos a vosa enteira disposición:

- + Horario de Atención Veciñal na ELM: todos os Luns en horario de **19:00h a 21:00 h.**
- + No teléfono con whatsapp : **628251598**
- + No correo electrónico: arcosentidad@gmail.com ou info@arcosdacondesa.org
- + Páxina web: <http://www.arcosdacondesa.org/>

Grazas polo voso tempo,

Un afectuoso saúdo.

En Arcos da Condesa, a 20 de Novembro de 2019

O Alcalde-Pedáneo José Francisco Alonso Gómez, en nome de todo o novo equipo de goberno.

